

DECLARACIÓN DE BERLÍN
(Consello Europeo, 25 de marzo de 2007)

Con ocasión do quincuaxésimo aniversario
da sinatura dos Tratados de Roma

Durante séculos Europa foi unha idea, unha esperanza de paz e de entendemento. Esta esperanza xa é unha realidade. A unificación europea logrou paz e benestar, alicerzou a nosa comunidade e superou as nosas contradicións. Cada membro contribuíu a unificar Europa e a afortalar a democracia e o Estado de Dereito. Grazas ás arelas de liberdade das xentes de Europa Central e Oriental, hoxe superouse definitivamente a división artificial de Europa. Coa integración europea demostramos ter aprendido a lección das confrontacións sanguentas e dunha historia inzada de sufrimento. Hoxe vivimos xuntos, dunha maneira que nunca foi posible no pasado. Os cidadáns e cidadás da Unión Europea, para fortuna nosa, estamos unidos.

I

Na Unión Europea estamos convertendo en realidade os nosos ideais comúns: para nós, o ser humano é o centro de todas as cousas. A súa dignidade é sagrada. Os seus dereitos son inalienables. Mulleres e homes teñen os mesmos dereitos.

Esforzámonos por alcanzar a paz e a liberdade, a democracia e o Estado de Dereito, o respecto mutuo e a responsabilidade recíproca, o benestar e a seguridade, a tolerancia e a participación, a xustiza e a solidariedade.

Na Unión Europea vivimos e actuamos xuntos de maneira singular, e isto maniféstase na convivencia democrática entre os Estados membros e as institucións europeas. A Unión Europea estéase na igualdade de dereitos e na convivencia solidaria. Así facemos posible un equilibrio xusto entre os intereses dos distintos Estados membros. Na Unión Europea preservamos a identidade dos Estados membros e a diversidade das súas tradicións. Valoramos como unha riqueza as nosas fronteiras abertas e a viva diversidade das nosas linguas, culturas e rexións. Hai moitas metas que non podemos alcanzar sós,

mais si xuntos. As tarefas repártense entre a Unión Europea, os Estados membros, as súas rexións e os seus municipios.

II

Enfrontámonos a grandes desafíos que non se deteñen nas fronteiras nacionais. A Unión Europea é a nosa resposta a eles. Só unidos podemos preservar no futuro o noso ideal europeo de sociedade en beneficio de todos os cidadáns e cidadás da Unión Europea.

Este modelo europeo vencella o éxito económico e a responsabilidade social. O mercado común e o euro fanos fortes. Con eles podemos amoldar aos nosos valores a crecente interdependencia económica mundial e a cada vez máis intensa competencia que reina nos mercados internacionais. A riqueza de Europa baséase no coñecemento e nas capacidades das súas xentes; esta é a clave do crecemento, do emprego e da cohesión social.

Loitaremos xuntos contra o terrorismo, a delincuencia organizada e a inmigración ilegal. E farémolo defendendo as liberdades e os dereitos cidadáns mesmo no combate contra os seus inimigos. Nunca máis debe deixarse unha porta aberta ao racismo e á xenofobia.

Defendemos que os conflitos do mundo se resolvan de forma pacífica e que os seres humanos non sexan vítimas da guerra, do terrorismo e da violencia. A Unión Europea quere promover no mundo a liberdade e o desenvolvemento. Queremos facer retroceder a pobreza, a fame e as enfermidades. Para iso seguiremos exercendo o noso liderado.

Queremos levar xuntos a iniciativa en política enerxética e en protección do clima, achegando a nosa contribución para contrarrestar a ameaza mundial do cambio climático.

III

A Unión Europea nutrirase tamén no futuro da súa apertura e da vontade dos seus membros de consolidar á vez xuntos o desenvolvemento interno da Unión

Europea. Esta seguirá promovendo tamén a democracia, a estabilidade e o benestar fóra das súas fronteiras.

Coa unificación europea fíxose realidade un soño de xeracións anteriores. A nosa historia reclámanos que preservemos esta ventura para as xeracións vindeiras. Para iso debemos seguir adaptando a estrutura política de Europa á evolución dos tempos. Estamos, por tanto, cincuenta anos despois da sinatura dos Tratados de Roma, unidos no empeño de dotar á Unión Europea de fundamentos comúns renovados de aquí ás eleccións ao Parlamento Europeo de 2009.

Porque sabemos que Europa é o noso futuro común.